

ENTROI DO 2024

Carballo

Domingo 11 de febreiro

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2024



ORGANIZA:

CONCELLARÍA
DE CULTURA

+ INFO:



Cultura Carballo
www.carballo.gal

+ de 9.000 euros!!

PRIMEIRA > Obxecto

Co obxecto de promover no noso municipio unha das festas tradicionais más importantes e recuperar unha das prácticas populares destas datas, o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas de Entroido.

SEGUNDA > Data e lugar

Este concurso celebrase o domingo día 11 de febreiro ás 18.00 h na Praza do Concello. Todos os participantes formarán parte do desfile que transcorrerá polas rúas próximas á Praza do Concello e rematará nesta Praza.

TERCEIRA > Prazos e lugar de inscrición

Poderán participar todas as persoas, agrupacións de persoas físicas ou entidades que se inscriban nos prazos e lugares que se recollen a continuación. No caso de agrupacións de persoas físicas, deberán facer constar a porcentaxe a aplicar no momento do pago do premio ou gratificación. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro, o importe do premio ou gratificación a aplicar a cada un deles, imputaráselle todo ao representante ou representantes a partes iguais. Non terán dereito a premio nin gratificación disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

Prazo inscrición:

- Comparsas e carrozas:

Ata o 7 de febreiro

- Grupos, parellas e individual:

A partir do día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria do BOP, ata o domingo 11 de febreiro.

Lugar inscrición:

Rexistro Xeral do Concello de Carballo, sede electrónica ou rexistro situado no Pazo da Cultura > Rúa do Pan, s/n (de 11 a 13.00 h) T 981 704 300. Día 11: Praza do Concello (Só para grupos, parellas e individual). De 16.00 a 17.00 h.

Documentación:

- Folla de inscrición
- Designación do representante a efectos de inscrición neste concurso. No caso de agrupacións de persoas, segundo o impreso Declaración de compromiso de execución da actividade e aplicación do importe de premios ou gratificacións recibidas.
- Copia do DNI da persoa inscrita, do representante e CIF da entidade (segundo proceda)
No caso de participación de menores de idade, autorización do pai/nai ou tutor.

Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, áinda que nese caso estas non terán dereito a recibir gratificación por participar.

CUARTA > Categorías e Premios

Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción aos premios que se detallan a continuación:

INFANTIL (ata 14 anos)

COMPARSAS (mínimo de 8 compoñentes)

1º premio: 300 €
2º premio: 150 €
3º premio: 100 €
4º premio: 60 €

GRUPOS (de 2 a 7 compoñentes)

Premio: 110 €

INDIVIDUAL (un compoñente)

1º premio: 90 €
2º premio: 70 €
3º premio: 50 €

ADULTOS (máis de 14 anos)

CARROZAS (mínimo de 15 compoñentes)

1º premio: 900 €

2º premio: 600 €

COMPARSAS (mínimo de 10 compoñentes)

1º premio: 700 €

2º premio: 350 €

GRUPOS (de 2 a 9 compoñentes)

Premio: 125 €

INDIVIDUAL (un compoñente)

Premio: 60 €

INFANTIL OU ADULTOS

PREMIO ESPECIAL "CHOQUEIRO DE BERGANTÍNOS" (un compoñente)

PARTICIPANTE INSCRITO EN CALQUERA DAS MODALIDADES (non precisa inscrición específica)

Premio: 100 €

ACCÉSITS

1000€ A DISTRIBUIR NAS DIFERENTES CATEGORÍAS OU MODALIDADES

O xurado poderá outorgar o premio especial "Choqueiro de Bergantíños" a calquera concursante que participe en calquera categoría ou modalidade do desfile. Polo tanto non precisa inscrición previa. Atendendo á calidade dos disfraces presentados, poderanse entregar accésits en calquera das categorías ou modalidades por un importe máximo total de 1.000 €. As contías de cada premio aplicárselles a retención fiscal correspondente.

Definicións das modalidades:

Comparsas: Enténdese como comparsa un grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e de 10 compoñentes na de adultos, disfrazados dun mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que NON levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

Carroza: Considerarase carroza unha comparsa, cun mínimo de 15 compoñentes, acompañada dun ou varios vehículos sobre rodas, ben sexan autopropulsados ou remolcados, construídos ou decorados expresamente para o Entroido e convenientemente deseñada e decorada, cun tamaño mínimo de 2 metros de longo e 1 de ancho, e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo. Individualmente cada vehículo da carroza non poderá exceder os 4,00 metros de altura -medidos desde o chan-, 2,50 metros de ancho e 13 metros de longo, incluído o vehículo de arrastre. Acompañando cada vehículo, ademais do conductor, deberán ir un mínimo de 4 adultos. Os vehículos a motor deberán cumplir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e, tanto os vehículos como as carrozas deben cumplir coa normativa de seguridade aplicable e cos requisitos establecidos na folla de inscrición. Na folla de inscrición, deberá realizarse unha descripción detallada da mesma. Se algúna comparsa ou carroza contén algún elemento que poida supoñer un perigo para o público ou para os propios participantes, estes deberán comunicarollo á organización no momento da inscrición. O Concello velará polo cumprimento das medidas de seguridade.

Adscrición a modalidades ou categorías: En caso de dúbida, o xurado determinará se os participantes se adscriben á categoría de comparsa ou de carroza. Se nalgúnha das modalidades colectivas participaran compoñentes de idades pertencentes a diferentes categorías (menores e maiores de 14 anos), o xurado decidirá a que categoría se adscriben, para o que terá en conta o número de membros de cada idade e a súa repercusión no grupo.

Se nunha modalidade dunha categoría participan menos de 5 concursantes, o xurado poderá constituir unha única modalidade que agrupe aos participantes da ambas categorías, incorporando á mesma os premios previstos en ambas.

QUINTA > Seguridade e materiais dos disfraces e desenvolvemento do desfile

Seguridade e materiais dos disfraces: Evitarse a utilización de calquera tipo de artigo pirotécnico. Recoméndase que se utilicen materiais ignífugos e non inflamables. No caso de que durante a construcción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida solidaria e integralmente polos inscritos como participantes no concurso que formen parte de dito grupo, comparsa ou carroza.

Desenvolvemento do Desfile

Música: De maneira xeral, todos os participantes desfilarán coa música que disponña a

organización. Para manter a axilidade do desfile, no caso de que os concursantes interpreten algunha copla, canción ou baile que supoña a parada do desfile, a súa duración máxima será de dous minutos para carrozas e comparsas, un minuto para grupos, e 30 segundos para disfraces individuais. Se os concursantes precisen música específica, entregárasela á organización entre as 16.45 e as 17.00 h do día do desfile nun pen cun único tema/pista, gravado en formato música ou MP3. No caso de xurdir algún problema coa reproducción do arquivo, a música que se empregará será a prevista pola organización.

Orde no Desfile: En función do espazo disponible e para o mellor desenvolvemento do desfile, a organización determinará o lugar de colocación e orde no desfile, dos participantes.

SEXTA > Gratificacións á participación

Co obxectivo de fomentar a participación, concederánse un máximo de 20 gratificacións, dun importe de 125 € para as comparsas de categoría infantil, 125 € para as comparsas de menos de 25 membros da categoría de adultos, 200 € para as comparsas de máis de 25 membros da categoría de adultos e de 250 € a cada unha das carrozas. Estas outorgáranse segundo a orde de inscrición e de acordo co número de integrantes que participen no Desfile con posterioridade á comprobación pola organización e o xurado, de que cumplen co establecido nestas bases e sempre e cando o xurado considere que os participantes reúnen unhas características ou condicións mínimas de calidade. Para a percepción das gratificacións será imprescindible a realización do percorrido completo do desfile pola totalidade de compoñentes do grupo, comparsa ou carroza (excepto casos excepcionais debido a circunstancias especiais previamente autorizados pola organización).

Se o número de comparsas e carrozas participantes superan o número de gratificacións disponíveis, poderá limitarse a un máximo de 2 gratificacións por cada entidade inscrita.

GRATIFICACIÓNS

INFANTIL:

COMPARSAS: 125 €

ADULTOS:

- COMPARSAS DE MENOS DE 25 MEMBROS: 125 €

- COMPARSAS A PARTIR DE 25 MEMBROS: 200 €

- CARROZAS: 250 €

Concederánse un máximo de 20 gratificacións

SÉTIMA > Xurado

O xurado será designado polo Concello de Carballo e del formarán parte representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade. O xurado poderá excluir os participantes ou disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios, ofensivos ou discriminatorios.

A decisión do xurado será inapelable e adoptárselo por maioría simple de entre os seus membros.

O xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile, para o que terá en conta a creatividade, orixinalidade e singularidade dos participantes, os materiais de elaboración dos disfraces e carrozas, a maquillaxe, a confección e construcción artesanal, a complexidade da elaboración, os acabados da proposta, así como a simpatía dos participantes, interpretación de cancións ou realización de coreografías ou representacións vinculadas aos disfraces, a posta en escena e a concordancia de todos os elementos. Nas modalidades de carrozas e comparsas valorarase, de maneira especial, a existencia ou non de coplas e a súa calidade. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa. Se nalgúnha das modalidades non se entrega algún premio poderá destinarse o seu importe a outra modalidade en calidade de accésit.

O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

OITAVA > Pago de premios

A concesión dos premios e gratificacións farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado.

Os premios ata un importe de 125 € aboaranse en metálico, previa sinatura dun recibón por parte dos participantes ou dos representantes

que designen. Os beneficiarios deberán cobralos na Casa do Concello ao remate do Concurso ou no Servizo de Cultura (Pazo da Cultura) no prazo de 10 días desde a celebración do Concurso. No caso de que non se cobre no prazo previsto perderán o dereito a cobrar o premio.

As gratificacións por participar ou os premios por un importe superior a 125 €, aboaranse mediante transferencia bancaria nos días posteriores á celebración do Concurso. Os beneficiarios deberán presentar un certificado de conta bancaria a nome da entidade participante ou do representante ou integrantes do grupo, comparsa ou carroza antes do 19 marzo de 2023. De non entregarse a documentación no prazo previsto perderán o dereito a cobrar a gratificación ou premio. No caso de que se deseñe que o ingreso se realice a nome de máis dun representante, deberán entregar os certificados de conta correspondentes a todos os representante xunto coa relación nominal dos integrantes e compromiso de execución da actividade e aplicación do importe e nomeamento de representante. O importe das gratificacións e premios están suxeitos ás retencións de IRPF correspondentes.

NOVENA > Responsabilidade dos participantes e seguridade

Os participantes deberán cumplir coas instrucións que lle comunique a organización para o correcto desenvolvemento da actividade e coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puiderán causar agrupacións de persoas físicas ou entidades transcurso do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, e eximen de responsabilidade ao Concello de Carballo. A participación no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, supón a total e plena aceptación destas bases. Para que a inscrición sexa válida e requisito imprescindible ter entregada a solicitude de inscrición debidamente cuberta e a documentación que garanta o cumprimento das condicións de participación.

DÉCIMA > PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable do tratamento é o Concello de Carballo, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar a súa inscrición e participación no concurso ou certame. A base lexítimadora é o consentimento da persoa interesada. Publicaranse imaxes e fotografías do evento, e datos dos gañadores para promoción da actividade, en base ao interese público. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumplir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescripción legal. O Concello de Carballo subministrará os datos relativos ás gratificacións ou premios concedidos á Axencia Estatal da Administración Tributaria e das subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións ou se é necesario para a xestión ou entrega do premio ou por obriga legal. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, revogación do consentimento e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en lopd@carballo.gal. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (R. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. A inscrición neste concurso implicará a autorización ao Concello de Carballo para realizar as consultas a outras administracións precisas para a tramitación do expediente. O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas na páxina web do Concello e redes sociais. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na web do concello.